

## **OBXECTIVOS XERAIS DA A.N.P.A. DOUTOR FLEMING**

- **Acadar unha A.N.P.A que cumpra co obxectivo de canalizar a representatividade mais xeral e obxectiva da opinión das nais e pais dos alumnos do colexio:**

1. Informando as nais e pais que constituímos o ANPA da marcha, a realidade e as problemáticas do centro.
2. Acadando ser un verdadeiro foro de opinión, e transmitindo esa opinión das nais e pais do ANPA sobre o centro, a súa marcha, e a súa problemática.
3. Cooperando coa marcha do centro, a solución dos problemas e a mellora continua do mesmo.

### **Medios:**

- Edición de follas informativas.
  - Edición da revista anual ESQUÍO.
  - Mantendo un horario de atención presencial no ANPA (pendente de acadar un local provisional).
  - Promover o uso do Buzón de Suxestións e Preguntas.
  - Posta en marcha dun servizo de correo electrónico para a ANPA.
  - Formación de grupos de traballo de cooperantes do ANPA (revista, festas, actividades extraescolares, obras, transporte, ...)
  - ...
- **Colaborar co centro na procura dunha educación integral dos nenos e nenas sen prexuízos, baseada nos conceptos de igualdade e solidariedade.**
  - **Facer o seguimento directo e conxunto coa dirección do centro do proxecto e execución da nova construción das instalacións do CEP Doutor Fleming.**
  - **Procurar a maior dilixencia no destino e adecuación da estrutura anexa, procurando o seu servizo para a comunidade educativa.**
  - **Colaborar co equipo directivo do centro na procura dunha adecuada xestión dos recursos dispoñibles e a mobilización das institucións responsábeis (cobertura de baixas de profesorado, falta de medios e material funxible, ...).**
  - **Colaborar co centro na procura dunha preparación científica que facilite os alumnos que terminen no centro a súa integración sen problemas nos estudos da ensinanza media.**